

O Consorcio Público Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial organiza o día 8 de setembro o workshop “ITMATI: un consorcio das tres universidades galegas para facilitarlle aos investigadores a transferencia da Matemática Industrial á empresa”

Está prevista unha presentación dirixida aos xornalistas dentro da difusión da actividade do centro á sociedade

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2016.- O workshop “ITMATI: un consorcio das tres universidades galegas para facilitarlle aos investigadores a transferencia da Matemática Industrial á empresa” terá lugar o vindeiro xoves, día 8 de setembro, a partir das 12.00 horas en Santiago de Compostela. Os asistentes coñecerán de primeira man os resultados do ITMATI mediante a presentación da memoria correspondente a 2015, afondarán na adscrición de novos investigadores e procedementos de renovación da adscrición, e analizarán a relación do Centro co sistema universitario galego. A presentación da memoria está dirixida, ademais de aos investigadores das tres universidades galegas, tamén aos medios de comunicación, co obxectivo de difundir a intensa actividade e os proxectos do centro ao conxunto da sociedade.

En concreto, o workshop celebrarase na Aula Magna da Facultade de Matemáticas da USC, aínda que a organización facilitará a participación en liña mediante o sistema Adobe Connect -que permite a interacción dos usuarios- e en *streaming* no portal Lifesize, que non permite esa interacción pero si seguir a retransmisión en directo na seguinte ligazón: <http://193.144.34.42/videos/>.

A organización habilitará unha ligazón na sala virtual: <http://www.usc.es/xuntanza/itmati> co seguinte contrasinal 12000809 e será facilmente visible e accesible mediante a web do ITMATI:

- Sala virtual: www.usc.es/xuntanza/ITMATI
- Clave de sala: 12000809

Programa do workshop:

- 12.00 H. Presentación da memoria anual 2015 do ITMATI e rolda de prensa para os medios de comunicación.
- 12.30 H. Adscrición de novos investigadores e procedementos de renovación da adscrición.
- 12.45 H. Principais procesos no ITMATI: difusión de demandas; confirmación dos equipos de traballo; xestión de contratos.
- 13.15 H. Relación do ITMATI coas universidades do SUG.
- 13.30 Ágape (Sala de Xuntas da Facultade de Matemáticas da USC).



UniversidadeVigo

Prégase confirmación de asistencia na seguinte dirección de correo electrónico itmati@itmati.com antes do 8 de setembro de 2016 (indicar tamén se a asistencia será presencial ou virtual).